

## ORDENANZA FISCAL NUMERO T14

**Taxa pola prestación do servicio de Cemiterios Municipais,  
conducción de cadáveres e outros servicios fúnebres de carácter local.**

### ***Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.***

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1B), ambos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1998, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa por prestación do servicio de Cemiterios Municipais, conducción de cadáveres e otros servicios fúnebres de carácter local, que se rexirá pola presente Ordenanza.

### ***Artigo 2º. Feito impoñible.***

Constitue o feito impoñible da taxa a prestación dos servicios establecidos nos cemiterios municipais de Ove e Ribadeo, tales como a cesión de terreos a perpetuidade, cesión a perpetuidade de sepulturas preferentes, colocación e inscripción de lápidas, apertura de sepulturas e nichos, conservación de ditos elementos ou espacios e calquera outro que se autorice conforme á normativa aplicable, así como a conducción de cadáveres e traslado de restos, enterramentos e outros servicios fúnebres de carácter local.

### ***Artigo 3º. Suxeto pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, os solicitantes da autorización ou da prestación do servicio e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.
2. Serán responsables da debida tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
  - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

### ***Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.***

De conformidade co previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algúns, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei, e os seguintes servicios:

- a) Inhumacións que ordene a autoridade xudicial e se efectúen en fosa común.
- b) Enterramento de cadáveres de pobres de solemnidade.

### ***Artigo 5º. Cota tributaria.***

A cota tributaria da taxa estará constituida polas seguintes cantidades fixas:

#### **A) CESIÓN DE TERREOS A PERPETUIDADE.**

Terreos para panteons especiais .....	499,45 Euros.
Terreos para panteón de 1 <sup>a</sup> .....	332,90 Euros.
Terreos para panteón de 2 <sup>a</sup> .....	225,08 Euros.
Terreos para panteón de 3 <sup>a</sup> .....	169,87 Euros.

Terreos para construcción de nichos de acuerdo co plano e medidas que se fixan con fronte á entrada do cemiterio.....	169,87 Euros.
O mesmo terreo co mesmo fin, dando fronte á muralla de cerramento .....	112,70 Euros.
Terreos para a construcción de sepultura preferente no lugar que determina o plano para as desta clase .....	74,57 Euros.
Terreos para construcción de sepulturas de terra no lugar que determina o plano .....	22,64 Euros.

#### B) CESIÓN A PERPETUIDADE DE SEPULTURAS PREFERENTES

Sepultura preferente de 2 ocos .....	149,13 Euros.
Sepultura preferente dun solo oco .....	90,01 Euros.
Cesión de sepultura preferente dun oco por cinco anos .....	30,13 Euros.
Cesión de nichos de 3 ocos (con osario) de nova construcción .....	1.227,71 Euros.
Cada cesión dun oco supletorio .....	25% máis.

#### C) ENTERRAMENTOS.

Inhumación de cadáveres ou restos do concesionario, os seus familiares ata o 4º grao de consanguinidade, cónxuxes e criados:

a) En panteón especial .....	100,81 Euros.
b) En panteón de primeira .....	84,69 Euros.
c) En panteón de segunda .....	64,51 Euros.
d) En panteón de terceira .....	52,44 Euros.
e) En nicho .....	24,21 Euros.
f) En sepultura preferente .....	20,20 Euros.
g) En sepultura de terra .....	12,10 Euros.

#### D) CONSTRUCCIONS:

Licencias para construcción dun panteón especial .....	121,08 Euros.
Licencias para construcción dun panteón de primeira .....	74,70 Euros.
Licencias para construcción dun panteón de segunda .....	51,90 Euros.
Licencias para construcción dun panteón de terceira .....	40,23 Euros.
Licencias para constucción dun nicho con osario .....	39,30 Euros.
Licencias para construcción dun nicho sen osario .....	31,48 Euros.
Licencias para construcción de sepultura preferente .....	27,52 Euros.
Licencias para construcción de sepultura de terra .....	7,05 Euros

#### E) TRASLADO DE RESTOS.

O traslado dun lugar a outro do cemiterio satisfará o 50 % dos sinalados para a súa clase.

#### F) TRANSMISIONS:

As transmisión s que autorice o Concello satisfarán o 40 por 100 das sinaladas nesta tarifa para as da súa clase. Estas transmisiones só as poderá realiza-lo concesionario.

#### **Artigo 6º. Dereito á percepción da taxa.**

Terase dereito á percepción da taxa e nace a obriga de contribuir no momento no que se soliciten e sexan entregados as respectivas licencias ou títulos.

#### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

A débeda tributaria derivada da taxa esixirse en réxime de liquidación polo Concello, que deberá ser aboada dentro dos prazos de ingreso para tal tipo de liquidacións tributarias polo artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.

***Artigo 8º. Obrigas e responsabilidades do usuario do servicio.***

1. Toda construcción e modificación de panteóns, nichos e sepulturas en xeral, polo que afecta á súa estructura e condicións sanitarias queda sometida á previa autorización do Concello.
2. A adquisición de terreos para a construcción dun panteón, nicho ou sepultura non significa venda nin outra causa que o dereito á inhumación naqueles do cadáver do adquirente e dos seus familiares e a obriga por parte do Concello de respeta-la permanencia de ditos cadáveres nas sepulturas que se inhumen; en consecuencia toda sepultura perpetua desocupada pola vontade dos seus familiares por máis de 10 anos, así como as temporais que se desocupen antes ou despois do vencemento da obriga, volverán de pleno dominio ó Concello.
3. En ningún caso o derecho que se tranfire poderá ser obxecto de comercio, toda vez que a concesión do terreo non causa renda, se ben recoñeceran as transmisións testamentarias por herданza ou legado.

***Artigo 9. Infraccións e defraudacións.***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.

**Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comenzará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011